

## **BASE PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS COMO MONITOR OU MONITORA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA FUNDACIÓN USC DEPORTIVA**

A Fundación USC Deportiva procede a convocar unha bolsa de traballo para realizar posibles contratacións temporais como **monitor ou monitora de actividades de deportes de raqueta** de acordo coas seguintes:

---

### *1. OBXECTO DA CONVOCATORIA*

---

O obxecto da convocatoria é a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais no posto de traballo de monitor ou monitora de actividades deportivas de raqueta da Fundación USC Deportiva.

Esta convocatoria anula o carácter prioritario da bolsa de traballo conformada no proceso de selección convocado o 17 de setembro de 2015, que seguirá vixente como bolsa secundaria.

As características particulares para a bolsa de traballo figuran a continuación:

- A encarga persoal da actividade deportiva que lle sexan asignadas pola actividade de funcionamento da Fundación USC Deportiva, sempre que non excedan a quenda de traballo diaria.
- O contrato será por un total de horas de cómputo durante o tempo que dure este.
- As retribucións económicas e demais dereitos inherentes ao posto de traballo serán os establecidos no III Convenio Colectivo de Instalacións Deportivas e Ximnasios da Comunidade Autónoma de Galicia.

<b>NOME DA BOLSA DE TRABALLO</b>
----------------------------------

<b>Monitor ou monitora en actividades deportivas de raqueta</b>
-----------------------------------------------------------------

**a. Funcións:**

- Realización das tarefas de monitor ou monitora en actividades de raqueta en grupos de diferentes idades.
- Acompañamento ás competicións aos diferentes grupos de deportistas en caso de que existan.
- Realizar as tarefas de control e asistencia dos diferentes grupos.
- Realizar as tarefas inherentes as responsabilidades do posto.

---

### *2. PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA*

---

A presente convocatoria publicarase na páxina web da Fundación USC Deportiva ([www.fundacionuscdeportiva.org](http://www.fundacionuscdeportiva.org)) no seu portal de Emprego.

---

### 3. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

---

As/Os interesadas/os nesta convocatoria que reúnan os requisitos establecidos nas bases da mesma presentarán as súas solicitudes directamente na seda da Fundación USC Deportiva en horario de 09:00 – 15:00 horas de luns a venres sito en Edificio Feuga, Rúa Lope Gómez de Marzoa, Despacho número 3, 15705, Santiago de Compostela.

As/Os interesadas/os nesta convocatoria tamén poderán presentar as súas solicitudes mediante correo certificado, nos termos previstos no Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o Regulamento dos servizos postais, e deberán ser remitidas á Sede Social da Fundación USC Deportiva, sito en Edificio Feuga, Rúa Lope Gómez de Marzoa, Despacho número 3, 15705, Santiago de Compostela. Neste caso, o solicitante deberá xustificar a data do envío e anunciar á Fundación USC Deportiva a remisión da documentación mediante correo electrónico ([info@fundacionuscdeportiva.org](mailto:info@fundacionuscdeportiva.org)) ou burofax o mesmo día.

As/Os candidatas/os cubrirán obrigatoriamente a súa solicitude segundo o anexo que se xunta como **INSTANCIA DE SOLICITUDE**.

O prazo de admisión de solicitudes será de dez (10) días naturais, contados a partires do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Fundación USC Deportiva. As/Os candidatas/os deberán ter en conta o seguinte:

- Non serán admitidas ao proceso as solicitudes que non se reciban na forma e prazo establecido.

---

### 4. REQUISITOS

---

#### 4.1.: Serán requisitos xerais para participar no proceso selectivo:

- a) Ter cando menos 16 anos de idade.
- b) Non padecer enfermidade nin limitacións físicas ou psíquicas incompatibles co normal desempeño das tarefas ou funcións correspondentes á actividade a desenvolver. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación das probas.  
A discapacidade e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.
- c) Dominio dos idiomas galego e castelán.
- d) Nacionalidade: Poderán optar as persoas que estean nalgunha das seguintes circunstancias:
  - Ser español.
  - Posuír a nacionalidade de algún dos demais Estados membros da Unión Europea ou de algún Estado ao que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das/os españois e das/dos nacionais de algún dos demais Estados membros da Unión Europea e, cando así o prevea o correspondente Tratado, a/o das/os nacionais de algún Estado ao que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas/os de dereito.

Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar as/os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Tamén poderán participar as persoas que non estando incluídas nos parágrafos anteriores vivan en España en situación de legalidade e sexan titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia, poderá participar quen estea en situación de residencia temporal; en situación de residencia permanente; en situación de autorización para residir e traballar, así como as/os refuxiadas/os.

Deberanse ter os requisitos establecidos nos apartados anteriores no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes, ademais de gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e na data de producirse a oportuna contratación.

- e) Posuír e acreditar a titulación esixida ou os requisitos esixidos na convocatoria ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes.
- g) Estar en posesión do carné de conducir, polo menos de categoría B.

#### 4.2.: Requisitos particulares para esta bolsa de traballo:

TITULACIÓN MÍNIMA
- Instructor Nacional de Minitenis

---

### 5. DOCUMENTACIÓN A APORTAR COA SOLICITUDE

---

As/Os solicitantes deberán aportar necesariamente coa solicitude os seguintes documentos:

- Copia do DNI, ou no seu defecto, copia do Pasaporte ou da Tarxeta de Residencia.
- Currículum vitae actualizado con copia de toda a documentación acreditativa dos méritos alegados no mesmo relacionados directamente con estas bases.
- Copia da titulación solicitada no punto 4.2 das bases da convocatoria.
- Acreditación do coñecemento do castelán para aspirantes estranxeiros excepto aqueles nacionais donde o español sexa idioma oficial.
- Copia do carné de conducir, polo menos da categoría B.
- Anexo I debidamente cumprimentado.

A Fundación USC Deportiva, gárdase o dereito a solicitar aos participantes en calquera momento do proceso ou no momento da contratación, a documentación orixinal ou compulsada que entregou durante o proceso para cotexar a mesma.

---

### 6. ADMISIÓN

---

#### 6.1 Relación de aspirantes admitidos

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes farase pública na páxina web da Fundación USC Deportiva ([www.fundacionuscdeportiva.org](http://www.fundacionuscdeportiva.org)) a relación provisoria de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo.

As/Os interesados disporán de tres (3) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da relación provisoria, para corrixir o defecto que motivara a exclusión ou omisión das relacións de admitidos. En todo caso, ao obxecto de evitar erros e posibilitar a súa corrección en tempo e forma, as/os aspirantes comprobarán que non figuran recollidos na relación de persoas excluídas e, ademais, que os seus nomes constan na correspondente relación de persoas admitidas. Aquelas/es que dentro do prazo non corrixan a exclusión ou reclamen a omisión, xustificando o seu dereito a estar incluídas/os na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas/os do proceso.

Transcorrido o prazo para a emenda de erros ou deficiencias farase pública a relación definitiva de candidatas/os admitidas/os na páxina web da Fundación ([www.fundacionuscdeportiva.org](http://www.fundacionuscdeportiva.org)).

A partir do momento da corrección de erros, non se poderán modificar os contidos da solicitude, agás os referentes a datos que se orixinaran por mor de cambio de domicilio ou de número de teléfono.

---

## 7. COMISIÓN DE VALORACIÓN

---

A Comisión de Valoración terá como función a de coordinar e executar e valorar o proceso de selección, de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade velando polo estrito cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre ambos os dous sexos.

A Comisión de Valoración poderá ser auxiliada e nomear a cantos asesores e especialistas que considere oportuno para o axeitado desenvolvemento do proceso.

A Comisión de Valoración será nomeada e publicada na páxina web da Fundación USC Deportiva antes do comezo do proceso selectivo.

---

## 8. SISTEMA DE SELECCIÓN

---

O procedemento de selección constará das seguintes fases:

**FASE I.** Valoración de méritos. Segundo a táboa seguinte valorarase o curriculum vitae de cada unha/un das/dos candidatas/os. A Comisión poderá establecer unha puntuación mínima para ser convocados á Fase II.

**FASE II.** Entrevista persoal. Será publicada unha listaxe co día, a hora e o lugar de realización da entrevista na páxina web da Fundación USC Deportiva ([www.fundacionuscdeportiva.org](http://www.fundacionuscdeportiva.org))

Nesta segunda fase os candidatos e candidatas deberán presentar a identificación correspondente co seu DNI ou Pasaporte orixinal, en ambos casos en vigor. No suposto de atoparse en situación de renovación de ditos documentos, os candidatos e candidatas deberán aportar acreditación de estar en proceso de renovación

A falta de puntualidade/presentación das/os candidatas/os respecto ao día e hora da súa convocatoria na entrevista implicará a exclusión automática e definitiva do proceso de selección -agás causa de forza maior, debidamente xustificada, e libremente apreciada pola Comisión de Valoración-, sen que se xere dereito algún ao seu favor.

Rematada esta última fase, determinarase a relación final de candidatas/os seleccionadas/os na páxina web da Fundación USC Deportiva.

O baremo de puntuación figura na táboa seguinte.

<b>BAREMOS DE PUNTUACIÓN</b>		<b>MÁXIMO</b>
<b>FASE I</b>	<b>VALORACIÓN DE MÉRITOS</b>	<b>40</b>
1. FORMACIÓN ACADÉMICA (1)		7
-	Licenciado ou Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	4
-	Técnico Superior en Animación en Actividades Físicas e Deportivas	2
-	Mestrado relacionado directamente coas funcións do posto de traballo	1
2. FORMACIÓN TÉCNICO DEPORTIVA RELATIVA Á PRAZA		6
-	Adestrador Nivel III	3
-	Adestrador Nivel II	2
-	Adestrador Nivel I	1
3. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA RELATIVA Á PRAZA (2)		2
4. COÑECEMENTO LINGUA GALEGA		1
-	Por estar en posesión do Celga 2	0,40
-	Por estar en posesión do Celga 3	0,60
-	Por estar en posesión do Celga 4	1
5. EXPERIENCIA (3)		24
-	Experiencia na mesma categoría ou equivalente na Fundación USC Deportiva (0,65 puntos por mes)	
-	Experiencia na mesma categoría ou equivalente en Administracións públicas ou entidades vinculadas a mesma (0,35 puntos por mes)	
-	Experiencia na mesma categoría ou equivalente en entidades privadas (0,15 puntos por mes)	
<b>FASE II (4)</b>	<b>ENTREVISTA PERSOAL (4)</b>	<b>20</b>
<b>MÁXIMO TOTAL</b>		<b>60</b>

(1) Estar en posesión dun Mestrado impartido por centros de titularidade pública ou privada homologados e relacionados directamente coas funcións a desempeñar (1 punto por Máster cun máximo de 1 punto)

(2) Valoraranse cursos con **CERTIFICADO DE APTITUDE OU APROVEITAMENTO**, emitidos por organismos oficiais (Administración Estatal, Autonómica e Local), Universidades, Federacións Estatais ou Autonómicas e outros realizados no estranxeiro, igualmente, con certificado dalgún organismo semellante ou equivalente. Así

como de Entidades Privadas pero coa metade de puntuación que as primeiras. Non se puntuarán aqueles que teñan menos de 10 horas. A puntuación para organismos oficiais, Universidades e Federacións será:

Entre 10 e 40 horas: 0,10 puntos (0,05 Entidades privadas)

Entre 41 e 100 horas: 0,25 puntos (0,12 Entidades privadas)

Máis de 100 horas: 0,50 puntos (0,25 Entidades privadas)

(3) Valorarase a experiencia amosada con **CONTRATOS EFECTIVOS DE TRABAJO E VIDA LABORAL** expresada en meses completos en actividades semellantes ás correspondentes á praza. Para a xustificación é necesario entregar **contrato de traballo e vida laboral**.

(4) Valorarase:

- Nela o tribunal fará preguntas sobre o currículo presentado e terá como finalidade acreditar as competencias e habilidades das persoas candidatas e o seu coñecemento sobre as actividades que poderán impartir.
- Interese e motivación, capacidade de traballo en equipo, dotes comunicativas, capacidade de ensinanza, iniciativa, toma de decisión, dinámica de grupos.

---

## *9. RESULTADOS DO PROCESO*

---

A resolución definitiva do proceso de selección que se publique abranguerá a relación de candidatas/os seleccionadas/os, por estrita orde de puntuación final. Contra dita resolución, as/os candidatas/os poderán interpoñer reclamación motivada no prazo máximo de tres (3) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, que será resolta pola Comisión de Valoración.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte sen prexuízo de aplicación do disposto no artigo 37 da Lei 7/2004 de Galicia:

1. Puntuación obtida no apartado da Experiencia
2. Puntuación obtida no apartado de Formación Académica
3. Sorteio. Poderán estar presentes os candidatos/as.

A proposta firme da Comisión remitirase á Xerencia da Entidade para a formalización da correspondente bolsa de traballo.

Unha vez rematado o proceso selectivo os/as candidatos/as poderán recoller a documentación presentada na sede da Fundación solicitándoa por escrito a través de mail ([info@fundacionuscdeportiva.org](mailto:info@fundacionuscdeportiva.org)). De non retirarse no prazo de tres meses procederase a súa destrución.

---

## *10. FORMACIÓN BOLSA DE TRABAJO*

---

Cos aspirantes que superen o proceso formarase a bolsa de traballo segundo a orde de puntuación obtida para contratacións temporais en postos de traballo de contido equivalente de acordo coas seguintes normas:

10.1. Os chamamentos aos aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a traballadora que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

10.2. Suspensións dos chamamentos.

1. De oficio

A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que este remate.

2. Por solicitude do/a interesado/a.

Os integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizo poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada.

A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión na sede da Fundación. O tempo de duración desta, a elección do/a interesado/a, será de dous, seis ou doce meses computados desde a data de efectos da suspensión.

10.3. Situación na bolsa de traballo.

1. Os integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para a que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.
2. Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento segundo o disposto na base undécima, non se presentaran ou renunciaran a esta, pasarán ao final da lista.

A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo sen causa xustificada.

10.4. Extinción da bolsa de traballo

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo manterase ata que se produza un novo proceso selectivo, temporal ou permanente.

---

## 11. DISPOSICIÓNS FINAIS

---

A Fundación USC Deportiva resérvase o dereito a realizar as xestións que considere oportunas para comprobar a veracidade e autenticidade da documentación xustificativa dos requisitos -así como de calquera outra-, aportada pola/o aspirante seleccionado/a con carácter previo á formalización do contrato. Calquera anomalía ou irregularidade detectada implicará a exclusión automática e definitiva do proceso selectivo, da relación de candidatos/as seleccionados/as e da lista de agarda, no seu caso, sen que se xere ningún tipo de dereito ao seu favor.

Durante o desenvolvemento do proceso, a Comisión de Valoración poderá realizar calquera comunicación aos/ás candidatos/as por escrito ou telefonicamente, en base aos datos de "localización" indicados na solicitude; por este motivo, os interesados comprométense a manter actualizados ditos datos durante o proceso de selección, comunicando con suficiente antelación calquera variación dos mesmos.

Con carácter previo á formalización do contrato de traballo, a Fundación USC Deportiva requirirá a achega de todos os documentos que se consideren esixibles e que non foran entregados durante o proceso de selección.

O contrato que se asine estará suxeito ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, actuando como órgano de contratación da Fundación o seu Xerente. Aos contratos de traballo seralles de aplicación o disposto no vixente III convenio colectivo de instalacións deportivas e ximnasia da comunidade autónoma de Galicia.

A Fundación USC Deportiva garante a absoluta confidencialidade de todos os datos derivados do proceso selectivo que afecten as/os candidatas/os; así mesmo, se garante a protección dos datos de carácter persoal, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

En Santiago de Compostela a 23 de febreiro de 2018



Óscar Hermida Otero

Xerente Fundación USC Deportiva

## INSTANCIA DE SOLICITUDE

NOME:	APELIDOS:
NIF:	DATA DE NACEMENTO:
ENDEREZO:	CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONOS: -	NACIONALIDADE:
CORREO ELECTRÓNICO:	

### DENOMINACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO:

-----

A/O solicitante declara que reúne os requisitos establecidos na presente convocatoria e comprométese a acreditarlos en calquera momento do proceso selectivo. Calquera inexactitude ou falsidade que se puidera detectar nos datos facilitados pola/o interesada/o dará lugar a súa exclusión automática e definitiva deste proceso de selección. Por tanto, responsabilízase da veracidade e exactitude dos datos persoais comunicados e autoriza a recollida e o tratamento dos mesmos por parte da Fundación USC Deportiva.

Así mesmo, declara que coñece e acepta as condicións desta convocatoria.

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2018

Asdo.:



